



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

**Expediente: 2022/G010/000007**

Valdoviño, 5 de maio de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas: don Javier Bouzamayor Casa do PP e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN 07.04.22 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 07.04.22, queda aprobada sen nengunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión).

**2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 4/2022 MC-SC FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS DE LIBRE DISPOSICIÓN.-**

*PROPOSTA DO ALCALDE que se ditaminou favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 5.5.22:*

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 4/2022 MC SC FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS DE LIBRE DISPOSICIÓN.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, visto que como resultado da aprobación da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020 verifícase a existencia de Remanente de Tesoureiría para Gastos Xerais (en adiante RTGX), parte de libre disposición e outra parte que pode ser destinado aos usos que permite a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, tras a prórroga mediante Real Decreto Lei 10/2019 de 29 de marzo, que finalmente foi convalidado no Congreso, da posibilidade de destinar o superávit orzamentario ao financiamento de inversións sustentables. Da dicción literal do mesmo despréndese: “1. *Quando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.*

2. *El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.*” e en virtude do artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: “*Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).*

*Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).”*

Ademais tendo en conta o artigo 3 do Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para hacer frente ao impacto económico e social do COVID-19: “Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2019 y aplicación en 2020 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

1. El superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2019 se podrá destinar para financiar gastos de inversión incluidos en la política de gasto 23, «Servicios Sociales y promoción social», recogida en el anexo I de la Orden EHA/3565/2008, de 3 de diciembre, por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de la Entidades Locales, previa aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. Asimismo, dentro de aquella política de gasto, se considerarán, con carácter excepcional ya lo exclusivos efectos de este artículo, incluidas las prestaciones señaladas en el punto 2 del artículo 1 de este Real Decreto-ley.

Asimismo, será de aplicación el régimen de autorización recogido en el último párrafo del apartado 1 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de Haciendas Locales, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.”

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número de expediente 4/2022 MC SC

➤ Aprobación do suplemento de crédito na aplicación orzamentaria que se sinala de seguido, por importe total de 1.674,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
341.48900	Promoción e fomento do deporte. Transfrerencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	1.674,00 €

➤ Financiamento procedente de RTGX

870 00 Remanente de Tesoureiría para Gastos Xerais	1.674,00 €
--	------------

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde, Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente) “

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

### **3º.-APROBACIÓN MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN PRESUPOSTO. BASE Nº 53.**

*PROPOSTA DO ALCALDE que se ditaminou favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 5.5.22:*

“Ante a necesidade de conceder subvencións nominativas por importes diferentes aos previstos nas bases de execución do orzamento 2022 aos clubs e entidades existentes no municipio, para sufragar os gastos derivados da promoción da actividade deportiva e colaborar nos gastos de organización que derivan de competicións deportivas que se desenvolven no noso municipio, faise necesario modificar os devanditos importes das subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento 2022.

Na base nº 53 das bases de execución do orzamento do 2022, no seu apartado VII régulanse as subvencións nominativas, segundo o cal o Concello de Valdoviño poderá conceder de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente no orzamento, nos termos previstos nos artigos 22.2 a) e 28 da Lei Xeral de subvencións, sendo necesaria a realización previa dun convenio.

No mencionado apartado enuméranse as subvencións nominativas previstas e os seus correspondentes importes.

Polo tanto, para a modificación dos importes das subvencións nominativas previstas na Bases nº 53 é necesario modificar a antedita base de execución do orzamento.

Na aplicación orzamentaria 341.489,00 aparecen consignadas estas cantidades previstas para as subvencións nominativas a favor de entidades deportivas tal e como se detalla a continuación:

ASOCIACION BAIXADA DE CARRILANAS A SAN MAMEDE	2.000
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA VALDOVIÑO ( G15580558)	2.330
CENTRO DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOA ( G15610702) polos gastos realizados no exercicio 2018.	3.020
ESCUELA DE FUTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS ( V70087523)	2.900
MEIRÁS CLUB DE FUTBOL ( G15272701)	5.516
UNIÓN DEPORTIVA LAGO ( G70008735)	2.150
CLUB A FROUXEIRA DE TIRO CON ARCO ( G70478748) polos gastos realizados no 2018	300
CLUB NAÚTICO FOLIXA ( G15440969) Organización actividades deportivas no concello	2.000

CLUB PRAIA DE PANTÍN	10.000
FEDERACIÓN GALEGA DE SURF	1.800

Visto que a entidade Unión Deportiva Lago (G70008735) cesou na súa actividade carece de sentido contemplar unha subvención nominativa ao seu favor toda vez que ese importe nunca será concedido por conseguinte elimínarase esta entidade beneficiaria da relación de entidades deportivas previstas na base nº 53 de execución do orzamento 2022.

Vista a proposta de modificación orzamentaria 4/2022 mediante suplemento de crédito financiada con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

Visto o informe de intervención con referencia EMP 33/2022 de data 26 de abril con carácter favorable á proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 166 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 20 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación da Base nº 53 "Axudas e subvencións públicas" das de Execución do Orzamento Xeral para o 2022, aprobado por acordo do Pleno de data 18 de novembro de 2021, en concreto o seu apartado VII) "Subvención nominativas" no relativo ás imputables na aplicación orzamentaria 341-48900 (actividades/eventos deportivos), no seguinte senso:

ENTIDADE	IMPORTE
Asociación baixada de carrilanas San Mamede	6.000,00 €
Club Sociedad Deportiva Valdoviño (G15580558)	3.070,00 €
Centro Deportivo Rosalía de Vilaboa (G15610702)	3.590,00 €
Escuela de fútbol base Amistade de Meirás (V70087523)	3.290,00 €
Meirás Club de fútbol (G15272701)	3.740,00 €
Unión Deportiva Lago (G70008735)	0,00
Club A Frouxeira de Tiro con Arco (G70478748)	0,00
Club Náutico Folixa (G15440969)	2.000,00 €
Club Praia de Pantín	10.000,00 €
Federación Española de Surf	2.000,00 €

Esta modificación queda condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor da modificación orzamentaria 04/2022 mediante suplemento de crédito financiada con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais (expediente núm. 2022/T002/00004).

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de Bases de execución do Orzamento, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 166 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRHL e en relación co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2022 considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O alcalde, Asdo.: Alberto González Fernández”.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. Alcalde anuncia a presentación por vía de urxenza do seguinte asunto, xustificando a urxenza na necesidade de dar resposta e organizar as instalacións provisionais de tempada de verán dada a data na que nos atopamos.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, apreza a urxenza, incluíndo en consecuencia o seguinte asunto Fóra da Orde do Día.**

#### .- APROBACIÓN DE CRITERIOS REGULADORES PARA AS INSTALACIÓN PROVISIONAIS DE TEMPADA DE VERÁN.-

##### TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

###### Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

1. Establecer os criterios urbanísticos básicos, actividades contempladas, condicións estéticas e requisitos xerais de aplicación para as instalacións provisionais situadas dentro do termo municipal de Valdoviño, dentro da tempada de verán.

2. Unicamente quedan excluídas desta ordenanza as instalacións temporais situadas na servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) e no propio DPMT.

###### Artigo 2.- Definición e tipos de instalacións

1. Considéranse usos temporais ou servizos de tempada aqueles que, non estando prohibidos por esta ordenanza ou nas Normas Subsidiarias do Concello de Valdoviño (NNSSPP), establécense de maneira temporal, non requiren obras ou instalacións permanentes e non dificultan a execución do plan.

2. Consideraranse instalacións non permanentes aquelas que:

a. Sexan facilmente desmontables e que non precisen da alteración da súa contorna (corte de árbores, modificación de beirarrúas, valos e instalacións urbanas, movemento de terras...) para a súa instalación.

b. Precisen como máximo obras puntuais de cimentación, que, en todo caso, non sobresaíran do terreo e sexan retirables.

c. Estean constituídas por elementos de serie prefabricados, módulos, paneis ou similares, sen elaboración de materiais en obra nin emprego de soldaduras.

d. Móntense e desmóntense mediante procesos secuenciais, podendo realizarse o seu levantamento sen demolición e sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable, sen necesidade de maquinaria pesada.

e. Unha vez desmontada a instalación, a contorna poida restaurarse facilmente ata retornar ao seu estado previo.

f. Non teñan vocación de permanencia e polo tanto os seus usos deberán atender a esta natureza, ligados ao desenvolvemento de actividades de tempada, provisionais ou outras circunstancias análogas.

3. Os servizos de tempada comprenden tanto as instalacións de tempada tales como quioscos expendedores de comida e bebida, con ou sen mesas e cadeiras (incluídos as instalacións tipo "food-truck"), como instalacións destinadas ao alugueiro de hidropedais, kaiaks, tumbonas, bicicletas, táboas de surf, etc., así como as instalacións destinadas á prestación de servizos de formación e ensino das modalidades deportivas de surf, bodyboard, longboard, pádel surf, ou outras análogas.

### Artigo 3.- Normativa aplicable

1. As instalacións provisionais poderanse situar en calquera tipo de chan, respectando as condicións estéticas e urbanísticas da súa ordenanza correspondente (usos, alturas, separacións mínimas, ocupación, edificabilidade...), a excepción do requisito de parcela mínima.

2. As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio ambiente, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta Ordenanza. Deberán contar coas autorizacións sectoriais preceptivas, de selo caso.

3. Serán causa de caducidade, parcial ou total, da autorización urbanística os seguintes casos:

A alteración dos usos autorizados  
O aumento da ocupación en máis dun 10 por 100  
O almacenamento exterior de materiais, depósitos ou residuos.  
A instalación de conducións aéreas  
Evacuar ou verter augas residuais e residuos sólidos

4. Se a instalación vai dispoñer de terraza esta rexerá pola ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en dominio público e espazos privados de uso público vinculados a explotacións comerciais e da hostalería do Concello de Valdoviño.

### Artigo 4.- Título habilitante

O título habilitante será o de comunicación previa, salvo que as instalacións ocupen terreos de dominio público onde deberán solicitar a preceptiva autorización ou licenza.

## TÍTULO II.- CONDICIÓN DA INSTALACIÓN

### CAPÍTULO I.- Condicións xerais

#### Artigo 5.- Condicionantes formais e estéticos

1. As instalacións provisionais deberán cumprir cos seguintes condicionantes estéticos:

a. Todas as instalacións que se monten deberán ser de material indeformable a curto prazo e debidamente resistentes. Prohíbese a utilización de materiais de desperdicios. Empregaranse materiais modulares e homoxéneos, sendo o seu aspecto exterior agradable e estético. **ter as condicións de solidez e seguridade acordes ao uso ao que se destinen.**

b. As pinturas exteriores serán de boa calidade.

c. Todas as instalacións deberán ter as condicións de limpeza e decoro debidas.

d. En calquera caso, a tipoloxía das instalacións deberá harmonizar coa contorna, con materiais adecuados e de calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

e. Non se permitirá **en ningún** nalgún caso, a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas. **As instalacións provisionais irán apoiadas e suxeitas ao terreo sen ningún tipo de cimentación.**

f. Prohibirase a publicidade exterior.

g. Todas as conducións de servizo ás instalacións desmontables, deberán ser subterráneas. O sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se esta existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas de drenaxe ou absorción que poidan afectar o terreo da parcela ou area da praia, así como á calidade da auga de cursos próximos. **No caso de non existir rede de sumidoiros municipal, as augas residuais procedentes das instalacións deberanse conducir a un depósito estanco e soterrado, que será baleirado periodicamente por parte dunha empresa legalmente habilitada.**

h. Cando se empreguen contedores ou outras estruturas prefabricadas similares, estas non poderán manter o seu acabado metálico, debendo recubrirse na súa totalidade con paneis de madeira ou similar, **de tal maneira que se cumpran as condicións fixadas no apartado d) anterior.**

i. As cores dos materiais empregados cumprirán co indicado na Guía de Cor e Materiais de Galicia, editado pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

**2.** As instalacións destinadas á venda de comida e bebida deberán respetar unha distancia mínima a outras instalacións (fixas ou desmontables) de 100 metros. A superficie máxima ocupable será de 70,00 m<sup>2</sup>, dos cales 20,00 m<sup>2</sup> poden ser pechados. Non computarán ocupación, para os efectos sinalados neste artigo, a instalación temporal de aseos químicos.

**3.** No caso de instalacións de tempada (incluídas as tipo food-truck) que se instalen fora do ámbito do litoral, a distancia mínima a gardar con respecto a calquera establecemento permanente do municipio destinado á venda do mesmo xénero será de 500 metros.

Enténdese que unha instalación se sitúa fora do ámbito do litoral se se atopa fora dos 500 m medidos dende a liña do deslinde do DPMT.

#### **Artigo 6.- Temporalidade e horario:**

**1.** A tempada de verán queda fixada entre o 1 de maio e o 31 de outubro de cada ano natural. Dado o carácter temporal e desmontable dos servizos de tempada, estes deberán desmontarse e retirarse no prazo de 15 días desde o remate da tempada.

**2.** Sen prexuízo do sinalado no número anterior, poderá solicitarse autorización para este tipo de instalacións durante o período de Semana Santa. Nese caso non resultará preceptiva a retirada das instalacións ata a finalización do período estival, nos termos sinalados no número 1 deste artigo. Porén, o funcionamento das instalacións deberá limitarse, exclusivamente, aos períodos autorizados.

No caso de instalacións destinadas a un uso continuado e non temporal, non será de aplicación a presente ordenanza, debendo cumprir con toda a normativa urbanística e sectorial aplicable.

**3.** O horario de funcionamento establécese de 8:00 ata as 23:30, salvo venres, sábados e vísperos de festivo que se poderá prolongar ata as 24:00 o horario de peche.

#### **Artigo 7.- Prohibicións e limitacións**

**1.** Queda estritamente prohibida a celebración de espectáculos ou actuacións musicais sen autorización municipal expresa.

**2.** Prohíbese o almacenamento de calquera tipo de material na superficie exterior da parcela na que se sitúe a instalación.



## Artigo 8.- Documentación

**1.** As persoas interesadas deberán achegar, coa comunicación previa ou solicitude de licenza , a seguinte documentación:

- a. Referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada.
- b. Copia do DNI ou CIF do solicitante e acreditación da súa condición de actuar en nome de outra persoa física ou xurídica, de selo caso.
- c. Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.
- e. Fotografía, infografía, catalogo, no seu caso das características dos quioscos, mesas e cadeiras que se pretendan utilizar.
- f. Xustificante de pagamento da taxa correspondente.
- g. Copia da póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil xeral. Dita póliza debe cubrir os riscos que puideran ocasionarse pola instalación, desmontaxe e actividade.
- h. Proposta da zona a ocupar, distinguindo a superficie pechada como a de cadeiras e mesas no exterior no caso de quioscos.

**2.** Para o caso de obras maiores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 anterior, a seguinte documentación:

- a. Proxecto básico das obras ou instalacións, subscrito por persoal técnico competente.
- b. Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso, que deberá recoller as características da instalación e outros datos relevantes, tales como criterios básicos do proxecto, programa de execución dos traballos e, de ser o caso, o sistema de evacuación de augas residuais.
- c. Planos de situación a escala adecuada.
- d. Plano topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1.000.
- e. Planos de alzados e seccións características.

**3.** Para o caso de obras menores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 deste artigo, a seguinte documentación:

- a. Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e o seu orzamento detallado por partidas.
- b. Planos de definición, incluíndo alzados e sección características e plano coa situación dos servizos de abastecemento de auga, electricidade e saneamento.

**4.** No caso de instalacións tipo "food truck" deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 deste artigo, a seguinte documentación: (*ordenanza de venda ambulante*).

- a. Permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estar ao día no pagamento do seguro obrigatorio de vehículos a motor.
- b. Documentación acreditativa de que o vehículo reúne as condicións de hixiene e sanidade esixible.
- c. Certificado do correcto funcionamento das máquinas e da solidez e seguridade das instalacións que se utilicen."

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación dos criterios reguladores para as instalacións provisionais de tempada de verán.

## II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

### 4º.- DAR CONTA EXPRESA DO DECRETO DA ALCALDIA 169/2022 E NO SEU CASO, RATIFICACIÓN.-

Informase ao Pleno do decreto de Alcaldía nº 169/2022, que se transcribe:

#### **“DECRETO DE ALCALDÍA- PRESIDENCIA**

#### **Asunto: POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña**

O Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño, en data 8 de febreiro de 2022, aprobou o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal POS+2022, no que se inclúe o prego de SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SINALIZACIÓN VIARIA NO CONCELLO DE VALDOVIÑO. (Achega Provincial 2021- investimentos financeiramente sostibles), de importe total: 42.916,28 euros.

Recibido requerimento da Deputación Provincial da Coruña para subsanación de deficiencias no prego antedito presentado, unha vez confeccionado o prego correxido e remitido á Deputación Provincial, para supervisión, e Visto que as correccións non afectan ao orzamento nen ao obxecto da obra, é dicir, non afectan á súa natureza ou esencia.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar o prego de SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SINALIZACIÓN VIARIA NO CONCELLO DE VALDOVIÑO correxido e enviado á Deputación (registro 24/04/2022- 202299900041625). Expediente 2022000007538.

SEGUNDO.- Remitase á Deputación Provincial o presente acordo de aprobación.

TERCEIRO.- Incorporese a presente resolución ao expediente da súa razón e dése conta expresa da mesma ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.

*Documento asinado electrónicamente polo sr alcalde.*

**O Concello-Pleno tomou razón do anterior decreto e por unanimidade dos presentes acordou a ratificación do mesmo.**

### 5º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de marzo de 2022, que comprenden do número 70 ao 133 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

**Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.**

#### **6º DAR CONTA DA REMISIÓN DO ORZAMENTO DE 2022 NA OFICINA VIRTUAL DE ENTIDADES LOCAIS DO MINISTERIO DE FACENDA.-**

Dáse conta ao Pleno da Corporación da remisión do ozamento do exercizo 2022 á oficina virtual de Entidades Locais do Ministerio de Facenda.

Remitiuse aos grupos políticos no intre da convocatoria copia do ficheiro xustificativo, constando tamén unha copia incorporada no expediente da acta desta sesión plenaria.

**Os concelleios dánse por enterados.**

#### **7º.-DAR CONTA DA REMISIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2021 NA OFICINA VIRTUAL DE ENTIDADES LOCAIS DO MINISTERIO DE FACENDA.-**

Dáse conta ao Pleno da Corporación da remisión Da liquidación do orzamento do exercizo 2021, á oficina virtual de Entidades Locais do Ministerio de Facenda.

Remitiuse aos grupos políticos no intre da convocatoria copia do ficheiro xustificativo, constando tamén unha copia incorporada no expediente da acta desta sesión plenaria.

**Os concelleios dánse por enterados.**

#### **8º.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO E INFORME DE MOROSIDADE DO 1º TRIMESTRE DO ANO 2022.-**

Dáse conta aos presentes do informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 1º trimestre do ano 2022; do seguinte resume:

1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
Nº DE OPERACIÓNS		543	214
IMPORTE TOTAL	52,18	625.005,73 €	201.864,88 €

2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
<b>Nº DE OPERACIÓN</b>		110	17
<b>IMPORTE TOTAL</b>	91,43	127.032,77 €	303.721,46 €

Dato global PMP primer trimestre.- 45,72 días

3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:

Nº total de operacións: 0.

Importe total: 0

**A Corporación tomou razón do informe antedito.**

### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervención grupo municipal CENVAL.-

Sra. Veiga Doce.- Amañouse a sinalización?

Sr. Alcalde.- Estamolo facendo.

Sra. Veiga.- Empezaronse a limpar as cunetas?

Sr. Alcalde.- Non se parou nunca de limpar.

Intervención grupo municipal PP.-

Sra. Testa Ameneiros.- Cómo está o tema do feirón?

Sr. Alcalde.- Houbo un erro nos cálculos das taxas, pero xa se lles aclarou.

*Incorporase á sesión o concelleiro Alejandro Antonio Garcia Sousa.*

Sra. Testa Ameneiros.- Cobrase por metro cadrado?

Sr. Alcalde.- Sí.

Sra. Testa Ameneiros.- Procede o cobro?

Sr. Alcadle.- Si, porque é unha actividade económica, agás causas especiais, como as derivadas do COVID.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e catro minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde/*